

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 31 DE AGOSTO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

D. Luís Rico Vereá

D. Elisardo Montero Castro

D. Jose Balado Casal

Secretaria-Interventora accidental:

Dna. María Luisa Cacharrón Souto

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 10:30 horas do día trinta e un de agosto de 2016, xúntase en sesión extraordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, Dna. María Jesús Novo Gómez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora accidental Dona María Luisa Cacharrón Souto.

r

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásanse a tratar

os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES.

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas coa convocatoria, a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 30/06/2016, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta a Sra. Alcaldesa se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que a Xunta de Goberno Local por unanimidade

ACORDOU:

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o día 30/06/2016.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO EN RELACIÓN Á SOLICITUDE PRESENTADA POR ESTE CONCELLO AO ABEIRO DA ORDE DO 11 DE MARZO DE 2016

Pola secretaria accidental dáse conta de resolución enviada pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, con rexistro de entrada neste concello co nº 1878 en data 19/08/2016, no que se comunica a este concello a resolución da subvención ditada en relación á solicitude presentada ao abeiro da Orde do 11 de marzo de 2016, concedendo a este concello a cantidade de 4.800,00 Euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- DACIÓN DA RESOLUCIÓN DO 14 DE XULLO DE 2016 DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR, PUBLICADA NO DOG NÚM. 145 DE 2 DE AGOSTO DE 2016 SOBRE A APROBACIÓN DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A AVPC DO CONCELLO DE BOIMORTO.

Pola secretaria accidental dáse conta da resolución do 14 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior publicada no DOG núm. 145 o día 2 de agosto, pola que se fan públicas as axudas concedidas ás agrupacións de voluntarios de protección civil, concedendo á agrupación deste concello unha subvención de 1.465,09 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- COMUNICACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA REVOGACIÓN PARCIAL DA SUBVENCIÓN OUTORGADA PARA O FOMENTO DO EMPREGO POLAS ENTIDADES LOCAIS A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA O ANO 2016. OBXECTO: SOCORRISTA

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito remitido da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con rexistro de entrada neste concello co nº 1989 en data 26/08/2016, no que o acordo de revogación da subvención concedida para a contratación de socorrista por ser o período de contratación do 20 de xuño ao 14 de xullo, concedéndose unha subvención por un importe total de 2.905,10 euros. O importe de dita revogación ascende a 1.694,85 euros. Iníciase o procedemento de pagamento por un importe de 1.210,25 euros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL INCREMENTO DE HORAS ASIGNADAS A ESTE CONCELLO PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito remitido do conselleiro de Política Social, con rexistro de entrada neste concello co nº 2015 en data 30/08/2016, no que se informa que durante este mes de agosto, este concello contará cun reforzo no número de horas asignadas por un total de 46 horas/mes, co seu correspondente financiamento para o servizo de axuda no fogar de dependencia.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN CERTIFICACIÓN OBRA INCLUÍDA NO POS 2015: MELLORA ACCESOS E VERQUIDO DEPURADORA BOIMIL

Pola secretaria accidental dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 1794 en data 01/08/2016, no que se notifica a resolución de aprobación da certificación número 1 da obra Mellora accesos e verquido depuradora Boimil incluída no Plan provincial de obras e servizos (POS) 2015 e o pago a este concello da cantidade que lle corresponde satisfacer á Deputación por importe de 34.510,22 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- ESCRITO DO SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL INFORMANDO SOBRE ESCRITO RECIBIDO NA DEPUTACIÓN POLA SRA. VALEDORA DO POBO EN REFERENCIA A UNS DETERMINADOS EXPEDIENTES DE EXENCIÓN E RECLAMACIÓN POSTERIOR DO IVTM

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito remitido dende o servizo de xestión tributaria da sección do IVTM da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co nº 1797 en data 01/08/2016, no que se informa que a Deputación recibiu un escrito remitido pola sra. Valedora do Pobo, no que, en referencia a uns determinados expedientes de exención e reclamación posterior do imposto sobre vehículos de tracción mecánica tramitados nesta Admini-

stración, facía a recomendación de que “se revise a resolución pola que se denega a exención do IVTM á persoa que a reclama, con pensión de clases pasivas por incapacidade permanente, a que por tanto lle é de aplicación a extensión do concepto de discapacidade; e que as mencións a situación deste tipo se fagan de acordo coa normativa, e non como minusválidos ou como persoas con minusvalía”.

Así mesmo, achégase anexo cun modelo de redacción de ordenanza fiscal coa posibilidade de que os concellos se remitan expresamente ao Real decreto lexislativo 1/2013 no sentido de validar a homologación da esixencia do certificado de discapacidade para os efectos do imposto sobre vehículos de tracción mecánica coa condición de pensionista da Seguridade social por ter recoñecida una pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou de gran invalidez. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- ESCRITO ASINADO POLOS REPRESENTANTES DA EMPRESA SERUNIÓN S.A.U. E ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA S.L.U. COMUNICANDO ESCISIÓN POR SEGREGACIÓN E CONSTITUCIÓN BENEFICIARIA

Pola secretaria accidental dáse conta do escrito asinado por D. Antonio Llorens Tubau, actuando en nome e representación da mercantil SERUNION, S.A.U e por D. Roberto Casal Ferreira, actuando en nome e representación da mercantil ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA, S.L.U., con rexistro de entrada neste concello co nº 1841 en data 05/08/2016, no que comunican que a empresa Serunión, S.A.U., adxudicataria do contrato de servizo de alimentación da residencia de persoas maiores e centro de día de Boimorto, levou a efecto unha operación de segregación societaria na súa modalidade de escisión de patrimonio vinculado a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a cal transferiu unha unidade económica a outra sociedade beneficiaria de nova creación denominada ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA S.L.U., dende a data da súa inscrición no Rexistro Mercantil de Pontevedra, o día 01 de xullo de 2016.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO PRESENTADO POR D. RAMÓN MARIÑO LÓPEZ ACTUANDO EN REPRESENTACIÓN DE D. RAMÓN MARIÑO SÁNCHEZ SOLICITANDO A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS NAS PROXIMIDADES DA EXPLOTACIÓN DE PORCINO NA PARROQUIA DE DORMEÁ

Pola secretaria accidental dáse lectura ao escrito presentado por D. Ramón Mariño López, con rexistro de entrada neste concello co nº 1799 o día 01/08/2016 no que expón que con data 20/04/2015 presentou ante o Concello escrito solicitando “Obras de mellora do firme e asfaltado do tramo da pista que discorre entre as fincas: 137, 138, 134, 140 e 139 por un lado e 141, 126 e 133 por outro” sen ter recibido por esta Administración contestación e ante o agravamento das dificultades de acceso de vehículos pesados ata a nave de gando porcino construída na finca 134, SOLICITA:

<<Primeiro.- Que o Concello de Boimorto teña a ben tomar as medidas precisas para acometer as obras de mellora do firme e asfaltado do tramo que se remarca nas cartografías catastrais das fincas 134 e 139 que, de novo, se axuntan a esta petición.

Segundo.- A dotación, para as inmediacións da citada nave, dun punto de luz pública (farola ou similar).>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Que as obras de mellora do firme e asfaltado do camiño terase en conta na elaboración do próximo Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020 e estudárase a necesidade ou non da instalación do foco nas intermediacións da nave de porcino.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIONES

3.1.- LICENZAS PERMISOS

3.2.- AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUMIDOIROS 1/2016

Vista a solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 1855, con data 09/08/2016, presentada por D. Artemio Cao Rey, con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Pazo núm. 4, parroquia de Brates, 15817 Boimorto, na que solicita autorización para a conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 4 do lugar de Pazo, parroquia de Brates, deste termo municipal.

Advertido por secretaría que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordear o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunicarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora da taxa da rede de sumidoiros artigo nº 5, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Artemio Cao Rey, autorización para conexión á rede de sumidoiros da vivenda sita no número 4 do lugar de Pazo, parroquia de Brates, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de sumidoiros na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 4/2016) PARA CONSTRUCCION DE ALMACÉN AGRÍCOLA E MURO DE CONTENCIÓN NO LUGAR DE HOSPITAL, PARROQUIA DE ANDABAO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DÑA. CARMEN TABOADA GARCÍA.

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de Dña. Carmen Taboada García con DNI nº 76349521D, e domicilio a efectos de notificacións en Lg. Hospital núm. 4, parroquia de Andabao, 15816 Boimorto (A Coruña), solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 1054 en data 31/05/2016, para realizar as obras de construción dun almacén agrícola e un muro de contención, no lugar de Hospital, parroquia de Andabao, na parcela número 191 do polígono catastral 504 (Referencia catastral: 15010A504001910000JL) consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro técnico agríco-

la D. Javier López López, colexiado número 1.049, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) co nº 20160608 de data 30 de maio de 2016; constando nomeamento de dirección de obra, oficio de dirección de execución de obra e coordinación de seguridade e saúde. A parcela está clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

Con data 20/04/2016 con rexistro de entrada número 1558 presentouse no concello “Anexo ao proxecto de construción dun almacén agrícola e un muro de contención” redactado polo mesmo técnico.

Posteriormente, presentouse no concello “Anexo II ao proxecto de construción dun almacén agrícola e un muro de contención” redactado polo mesmo técnico.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 28/07/2016 dos servizos técnicos municipais por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de 28/07/2016.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a Dna. Carmen Taboada García con DNI nº 76349521D (LO 4/2016), para executar as obras de construción dun almacén agrícola e un muro de contención no lugar de Hospital, parroquia de Andabao, (solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

.- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.- As obras a realizar consisten en:

.- Construción dun muro de contención e un almacén agrícola para a garda de apeiros de labranza, maquinaria de xardín, etc). O muro de contención ten unha lonxitude de 59,30 m dividido en dous tramos, un de 44,3 m e perpendicular a el outro de 15 m. A súa altura é variable, alcanzando un máximo de 2,0 m. O almacén terá unha superficie de 82,5 m², cunhas dimensións de 11,0 x 7,5 m. A cimentación será a base de zapatas de formigón armado e a estrutura de piares, tamén de formigón armado. Os cerramentos serán de bloque de formigón enfuscado e pintado en cor ocre. A cuberta será a unha auga, de fibrocemento cor tella. A altura máxima é de 3,50 m.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

.- A distancia que debe cumprir a liña de edificación será a regulada no artigo 43.3 do PXOM

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 4/16

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: **26.033,67 Euros.**

Liquidación 2%: **520,67 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. Carmen Taboada García indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 13 de xuño de 2016 (RE núm. 1284) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Engracia Vázquez Vázquez
DNI:	76494245V
Domicilio:	Lg. Vilar núm. 5 - Sendelle - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material de cuberta da vivenda
Situación:	Lg. Vilar núm. 5 - Sendelle
Referencia catastral:	15010A503002280001KX
Orzamento de execución:	8.200,00 Euros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data 27/07/2016 autorizando as obras (expediente núm. 2016/0820 CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid de data 31 de agosto de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 27/07/2016 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 8.200,00 Euros

Liquidación 2%: **164,00 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Engracia Vázquez Vázquez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 24 de agosto de 2016 (RE núm. 1953) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Engracia Vázquez Vázquez
DNI:	76494245V
Domicilio:	Lg. Vilar núm. 5 - Sendelle - 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Pintado da fachada principal da vivenda
Situación:	Lg. Vilar núm. 5 - Sendelle
Referencia catastral:	15010A503002280001KX
Orzamento de execución:	375,00 Euros
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data 27/07/2016 autorizando as obras (expediente núm. 2016/0820 CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid de data 31 de agosto de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 27/07/2016 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e **concretamente o cor da pintura da fachada deberá ser branco.**

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 1.070,50 Euros

Liquidación 2%: **21,41 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a Dna. María Engracia Vázquez Vázquez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 22 de agosto de 2016 (RE núm. 1941) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	José María Fraga Prado
DNI:	33210960H
Domicilio:	Lg. Iglesia núm. 18 - Cardeiro 15818 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material da cuberta da vivenda unifamiliar
Situación:	Lg. Iglesia núm. 18 - Cardeiro - 15818 Boimorto
Referencia catastral:	15010A501001100001KF
Orzamento de execución:	10.200,00 €uros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 22 de agosto de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobado a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 10.200,00 €uros

Liquidación 2%: **204,00 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. José María Fraga Prado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 24 de agosto de 2016 (RE núm. 1950) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Lourdes Barreiro Souto
DNI:	76514899V
Domicilio:	Lg. Freixido núm. 18 - Cardeiro 15818 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material da cuberta da vivenda unifamiliar
Situación:	Lg. Iglesia núm. 18 - Cardeiro - 15818 Boimorto
Referencia catastral:	002000700NH66D0001LE
Orzamento de execución:	5.632,00 €uros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 24 de agosto de 2016

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobado a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 5.632,00 €uros

Liquidación 2%: **112,64 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo Dna. Lourdes Barreiro Souto indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.6.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 10 de xuño de 2016 (RE núm. 1262) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Avelino Aguión Vila
DNI:	76487967H
Domicilio:	Rúa Estrada da Mota núm. 6 - Boimorto 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material de cuberta da vivenda
Situación:	Rúa Estrada da Mota núm. 6 - Boimorto
Referencia catastral:	0412412NH7601S0001LH
Orzamento de execución:	10.254,00 €uros

Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data 27/07/2016 autorizando as obras (expediente núm. 2016/0823 CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Fernando Delgado Juega de 10 de agosto de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 27/07/2016 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 10.254,00 Euros

Liquidación 2%: **205,08 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Avelino Aguión Vila indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.7.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 10 de xuño de 2016 (RE núm. 1265) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Luís Vereá Sánchez
DNI:	76475469D
Domicilio:	Rúa Gándara núm. 49 - Boimorto 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material de cuberta da vivenda
Situación:	Rúa Gándara núm. 49 - Boimorto
Referencia catastral:	0612503NH7601S0001XH
Orzamento de execución:	6.706,00 Euros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación intensiva tradicional.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data

	27/07/2016 autorizando as obras (expediente núm. 2016/0822 CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Fernando Delgado Ju-ega de 10 de agosto de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 27/07/2016 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobado a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 6.706,00 €uros

Liquidación 2%: **134,12 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Luís Vereá Sánchez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.8.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Neste intre pasa a presidir a sesión o primeiro tenente de alcalde e retírase Dna. María Jesús Novo Gómez debido ao conflito de interese que supón o parentesco co solicitante.

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 9 de xuño de 2016 (RE núm. 1253) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Félix Lamas Boado
DNI:	44813698S
Domicilio:	Rúa Vilanova núm. 7 - Boimorto 15817 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución do material de cuberta da vivenda
Situación:	Rúa Vilanova núm. 7 - Boimorto
Referencia catastral:	1221806NH7612S0001ZF
Orzamento de execución:	7.340,00 €uros
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.
Autorización sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data

	27/07/2016 autorizando as obras (expediente núm. 2016/0821 CNC)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Fernando Delgado Juega de 8 de agosto de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 27/07/2016 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 7.340,00 €uros

Liquidación 2%: **146,80 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Félix Lamas Boado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

Retoma a presidencia Dna. María Jesús Novo Gómez.

4.2.- OBRAS SERVIZOS

4.2.1.- EXCLUSIÓN DUN LICITADOR E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN AO LICITADOR COA OFERTA ECONÓMICAMENTE MÁIS VENTAXOSA PARA A ADXUDICACION DO CONTRATO DE OBRA MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS AGRARIAS DO PLAN MARCO

Visto o expediente de procedemento de contratación da obra “Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016”.

Visto que por Decreto da Alcaldía 325/2016 de 08/08/2016 acordouse requerir á empresa Antonio Filloy, S.A para que presente un cronograma detallado das unidades de obra a realizar, ofertando un prazo de execución de dous días naturais.

Visto que por Decreto 326/2016 de 08/08/2016 acordouse requerir á empresa Construcciones González y González, S.L. que se atopa incurso en baixa temeraria, para que no prazo de cinco días naturais presente a correspondente documentación xustificativa a tenor do disposto no art. 152.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

